



## **A APDR ESIXE Á XUNTA MAIOR CONTROL DA CONTAMINACIÓN BACTERIOLÓXICA NOS VERTIDOS DE ENCE**

A Asociación Pola Defensa da Ría (APDR) vén de solicitar da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Infraestruturas, Territorio e Medio Ambiente da Xunta de Galicia, un maior control dos vertidos de ENCE no que fai á contaminación bacteriolóxica, unha contaminación que ten un indubidábel impacto nos bancos marisqueiros da Ría e sobre a saúde pública e que –a pesar das evidencias- ENCE segue negando.

Denuncia a APDR o escasísimo número de inspeccións que a Xunta fai destes vertidos (unha única inspección no ano 2012) e a falta dun estudo máis profundo que inclúa o serotipado e o fagotipado dos microorganismos presentes co obxecto de detectar posíbeis variedades patóxenas na carga bacteriana dos mesmos. Non se pode esquecer –abunda a APDR- que o volume de vertido de ENCE é moi elevado (arredor dos 30.000-40.000 m<sup>3</sup>/día), que a contaminación bacteriolóxica é moi variábel entre mostras nin que existe a constatación experimental da presenza de serotipos patóxenos en fontes declaradas de emisións onde a carga bacteriana é importante como é o caso das emisións líquidas da empresa ENCE.

Basea a súa denuncia a APDR nos datos correspondentes á inspección realizada pola Xunta o día 29 de novembro de 2012, datos que foron remitidos hai uns días polo goberno autonómico á Asociación e que mostran unha elevada concentración de coliformes totais (740 ufc/100mL) e de estreptococos fecais (600 ufc/100mL), o que demostra que nalgunha etapa do proceso industrial ou do da depuración das augas residuais estase producindo a proliferación destes microorganismos, unha circunstancia que se ten comprobado en fábricas semellantes á de Lourizán como se pode contrastar na bibliografía científica especializada.

Para a APDR –que solicita ser informada puntualmente dos resultados acadados nas distintas probas indicadas con anterioridade- resulta inadmisíbel que a Xunta de Galicia non manteña un control estrito da carga bacteriana das emisións líquidas de ENCE, e máis se temos en conta que a empresa verte nunha Ría declarada coma zona sensíbel desde o punto de vista da contaminación e na que a explotación dos bancos marisqueiros está seriamente ameazada pola presenza dunha forte contaminación bacteriolóxica.

Pontevedra, 6 de agosto de 2013

Pola Xunta Directiva da APDR,

Asdo.: Antón Masa